

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 16 de febreiro de 2022

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, e á vista dos expedientes de competencia da dita comisión que constan con proposta de resolución nesta Secretaría Xeral, propono que pola Presidencia da comisión, se dite a seguinte resolución:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 16 de febreiro de 2022**, ás 18:00 horas, no salón de sesións do Pazo provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/9N/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xaneiro de 2022.

2. 2021/9556A PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras de **acondicionamento e mellora da estrada OU-1015 Albarellos (OU-1012)-Medeiros(OU-1016)**”, (ppqq 0,658 e 1,000; ppqq 3,786 e 4,100), no termo municipal de Monterrei, incluídas co número 107, no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do ano 2021, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Provincial.

3. 2021/16950B PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para tramitar, por delegación de competencia do Concello de San Cibrao das Viñas, proxecto de expropiación por taxación conxunta para executar o “**Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións do Polígono P-6.1 da AR-6, no núcleo de Reboredo**”, no termo municipal de San Cibrao das Viñas.

4. 2020/2386Z PRESIDENCIA

Prórroga da asunción pola Deputación Provincial de Ourense dos servizos mínimos do Concello dos Blancos.

5. 2021/14562S PRESIDENCIA

Resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación do modo de xestión do

servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense.

6. 2022/257M PRESIDENCIA

Aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede v provincial para o exercicio 2022.

7. 2022/2207D NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre a paralización da privatización do servizo de recollida do lixo prestado pola Deputación de Ourense nos municipios da provincia.

8. MOCIÓN DE URXENCIA.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

CRIPTOLIB_CF_Firma